

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013314	IES Santiago Basanta Silva	Vilalba	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	4º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	21
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	34

1. Introducción

CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO DO IES BASANTA SILVA

Unha programación global, e non só de lingua e literatura, ha de responder antes ca nada á realidade sociolingüística. A ampla porcentaxe de galego-falantes responsabilízanos á hora de pescudar cales son os usos lingüísticos do alumnado (con quen falan en galego, en que rexistros etc.) e tamén á hora de estender o código culto do noso idioma para os usos tecnolóxicos, científicos e comunicativos do mundo actual. Partimos dun contexto que dará transcendencia ao perfeccionamento e ao uso efectivo e xeralizado do idioma. Sabemos que a normalización lingüística asenta en varios piares e todos eles deben ser priorizados.

Preocúpanos a minorización da nosa lingua, os prexuízos que persisten, os ataques aos dereitos dos galego-falantes e a negación destes feitos por sectores relevantes da sociedade, sen teren en conta o que os estudos sociolingüísticos sinalan. Todo isto ten serias repercusións a nivel social, son ideas e condutas que van apousando no individuo e, como non, tamén na comunidade educativa.

Contorna xeográfica e socio-económica

O IES Santiago Basanta Silva está situado na vila de Vilalba, capital da comarca da Terra Chá. O alumnado do centro procede principalmente do concello vilalbés e dos concellos limítrofes, todos de carácter rural.

A poboación vive na súa maioría do sector primario e do sector servizos, pero Vilalba conta tamén cun sector industrial salientable.

Nótase nos últimos anos un incremento significativo da poboación inmigrante, habendo unha comunidade importante de orixe marroquí, pero non é a única.

Características do alumnado do centro

O alumnado do IES Basanta Silva cursou maioritariamente os estudos de ensinanza primaria nos centros adscritos e o ensino secundario neste centro. Contamos con alumnado que presenta diversas necesidades, algunhas delas son cubertas con adaptacións curriculares e outras a través de reforzos e apoio educativo.

A lingua de comunicación do alumnado, en liña co esperado dado o contorno rural no que vive, é maioritariamente o galego. Se ben é certo tamén que o alumnado castelán-falante vai en aumento, especialmente nas xeracións máis novas. A isto hai que sumar o feito de contarmos no noso centro cun considerable número de alumnado estranxeiro, moitos dos cales descoñecen o galego e o castelán. A este respecto, o que se vén observando, cando menos nos últimos anos, é que hai unha evidente tendencia a priorizar o ensino-aprendizaxe do español como 1ª lingua para este tipo de alumnado.

Lembremos que as linguas, todas, son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Lembremos tamén que a través delas achegámonos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. Polo tanto, a formación lingüística é un instrumento que ten como obxecto falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e experiencias; é un medio para as relacións interpersoais e é motor do noso pensamento e das nosas reflexións, ademais de porta de acceso ao coñecemento. Ten que ser unha ferramenta para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara aos usos creativos e lúdicos das linguas e permitir unha achega ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

Así as cousas, se avogamos por unha educación plurilingüe e intercultural, os enfoques deben ser plurais, transversais e integradores. A súa finalidade debe ser a de promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Pero é que ademais, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural e o respecto dos dereitos fundamentais.

Por iso mesmo, desde o departamento de Lingua Galega e Literatura apostamos polo tratamento integrado das linguas, no que se toma en consideración o punto de partida diferente de cada unha delas. Polo tanto, non se pode esquecer, obviar ou mirar para outro lado no relativo á situación de minorización da lingua galega. Cómpre favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización. O alumnado galego (ou aquel que vive e cursa ensino obrigatorio en Galicia) debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

O alumnado de 4º ESO

Este curso académico en 4ºESO hai un total de 104 alumnos/as; deles, 11 forman parte do Proxecto de Diverficação Curricular.

O obxectivo fundamental desta programación, xunto co de normalizar e asentar galego falantes, é o dunha educación

lingüística e literaria o máis ampla e completa posible, pois, desde o noso departamento cremos que este é un factor clave para o desenvolvemento da persoa nos aspectos intelectuais, afectivos e sociais.

A finalidade desta programación de Lingua Galega e Literatura é, como nos cursos previos, o desenvolvemento da competencia comunicativa, achegando os coñecementos e os procedementos necesarios para interactuar satisfactoriamente na forma oral, escrita e multimodal nos diferentes ámbitos sociais. Amais, tamén continuamos co achegamento á literatura galega, tendo moi presente que, para parte do noso alumnado, este curso é o último de contacto co ensino regrado da nosa lingua e literatura.

Os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura para 4ºESO non difiren moito dos de cursos anteriores, a principal diferenza é o afondamento que se fai neles. Só no apartado literario temos contidos moi específicos pois abrangue toda a literatura do século XX e XXI.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural nos séculos XX e XXI.

O último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Amais dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre destacar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o éuscaro e o portugués. A este último prestaremoslle unha atención especial, en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vencellos históricos e estruturais como acontece co galego e o portugués. Ademais, a Lei Valentín Paz Andrade redunda nesta idea.

A proposta didáctica que se presenta para 4º de ESO desenvólvese en seis unidades didácticas que se presentan cun título alusivo ao seu contido.

A escolla das obras de lectura obrigatoria para o curso faise tendo presentes os criterios de inclusión de obras representativas da literatura galega; obras de autores/as destacados de diferentes épocas e con diferentes temáticas que poidan resultar atractivas para o alumnado e obras de diferentes xéneros literarios.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Xoibán	Na primeira unidade o alumnado realizará un primeiro achegamento ao contexto histórico da historia da lingua e da literatura nos séculos XX e XXI co obxectivo de que adquira unha serie de claves que lle permitan situar autores ou obras nas súas coordenadas histórico literarias. O alumnado vai achegarse ao éuscaro como mostra da diversidade lingüística do Estado e vai ampliar os seus coñecementos da lingua portuguesa con textos xornalísticos e producións líricas. Mediante o xénero argumentativo o alumnado reflexionará sobre a importancia do galego como vehículo transmisor dunha cultura. Aproveitaremos agora tamén para estreitar relacións co portugués e conseguir maior competencia nesta lingua así como para ver o éuscaro desde a súa propia idiosincrasia dentro do panorama multilingüe de España.	16	21	X		
2	Goiriz	O alumnado achegase á evolución do xénero narrativo dos últimos dous séculos	18	20	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Goiriz	mediante a lectura e análise de textos de diferentes épocas e temáticas e mediante a súa propia creación literaria.	18	20	X		
3	Codesido	Elabora un traballo de investigación en parellas sobre a manipulación informativa mediante un seguimento durante tres semanas. Na análise dos textos estudarase a importancia da sintaxe na transmisión da información. O alumnado tamén terá un encontro con xornalistas de medios en galego para analizar este tema. Finalmente expoñerán na aula a investigación realizada e as conclusións ás que chegasen. Nesta unidade o xénero literario protagonista será o ensaio. O alumnado analizará diferentes textos así como tamén valorará a evolución desta tipoloxía textual na literatura galega en relación ao proceso de normalización cultural.	15	15		X	
4	Belesar	Dentro da tipoloxía textual o alumnado traballará o currículo como instrumento fundamental para o seu futuro social, tanto a través da vida académica como da vida profesional. Nesta unidade o xénero literario protagonista será a poesía.	18	16		X	
5	Gondaísque	Dentro da tipoloxía textual o alumnado traballará a carta de motivación como instrumento fundamental para o seu futuro social tanto a través da vida académica como da vida profesional. No plano oral traballarase a entrevista de traballo e nela valorará con criterio crítico a información laboral aparecida nos medios de comunicación e nas redes sociais. En ambos casos traballaranse os mecanismos de enriquecemento e precisión léxica así como a corrección ortográfica e gramatical e a utilización de construcións morfosintácticas máis xenuínas evitando castelanismos e outras deturpacións. Nesta unidade o xénero literario protagonista será o teatro. O alumnado analizará diferentes textos así como tamén valorará a evolución desta tipoloxía textual na literatura galega.	15	18			X
6	Samarugo	A protagonista será a diversidade desde múltiples perspectivas, a diversidade de xénero, a da creación literaria, a de camiños que o alumnado pode elixir despois de abandonar a educación secundaria obrigatoria na busca dunha	18	15			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Samarugo	despedida de etapa alegre e chea de posibilidades de futuro. Achegarase ao alumnado á literatura por proximidade cronolóxica centrando o traballo nas manifestacións e tendencias dos anos 20 para facer da lectura un produto de consumo cultural atractivo e actual que pode responder aos intereses do alumnado. En parellas elaborarán unha selección de doce textos con valoración crítica que ofrezan unha visión global da nova creación literaria galega.	18	15			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Xoibán	21

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación da orixe común do galego e do portugués e do seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando os trazos lingüísticos máis salientables e ampliando o repertorio léxico en lingua portuguesa.	Recoñece os trazos lingüísticos que asemellan e diferencian galego e portugués dominando un repertorio léxico en lingua portuguesa que lle permite ler e comprender un xornal en portugués.	PE	60
CA1.4 - Valorar a lingua éuscara, analizando as súas características máis salientables para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Valora nun texto expositivo as características máis salientables do éuscaro poñendoas en relación coa realidade multilingüe de España.		
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explica a través da argumentación a pertenza dun texto ou obra a un dos grandes períodos da literatura dos séculos XX e XXI e relacionándoo cun contexto histórico determinado.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Elabora un texto multimodal destinado ao alumnado onde se explique e demostre con exemplos concretos como unha lingua, o galego, é transmisora dunha cultura con coherencia, cohesión e rexistro formal.	TI	40
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos aplicando os seus coñecementos sobre coherencia e cohesión, corrección ortográfica e gramatical.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os seus textos utilizando os instrumentos dixitais dos que se dispón (dicionarios, correctores ortográficos...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Ampliación do coñecemento do portugués. Semellanzas e diferenzas léxicas entre o galego e o portugués (falsos amigos). - Valoración e comprensión das principais características do éuscaro. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d

UD	Título da UD	Duración
2	Goiriz	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Recoñecer e valorar as variantes dialectais do galego, identificando os trazos fónicos, gramaticais e léxicos máis característicos dos bloques e das principais áreas lingüísticas, establecendo as diferenzas respecto da norma e distinguindo estes trazos dos sociolectais e de rexistro en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as variantes dialectais do galego atribuíndo ao seu bloque dialectal mensaxes diversas segundo a procedencia das persoas falantes.	PE	60
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal a partir da análise da diversidade lingüística da contorna escolar e social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas e da indagación dos dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	Cuestiona, despois da súa identificación, os prexuízos e estereotipos lingüísticos que se producen na súa contorna.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crea un texto narrativo con intención literaria partindo de referentes narrativos da historia da literatura galega dos séculos XX e XXI.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Investiga en grupo o maltrato verbal ás mulleres e o maltrato verbal á lingua galega realizando cos resultados a intervención intermodal "Agrido coa lingua e agrido a túa lingua" onde se vinculen ecofeminismo e ecolingüismo.	TI	40
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica os usos discriminatorios da lingua e os abusos a través da palabra e destérralos do seu uso particular.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos, procurando consensos, tanto no ámbito persoal como no educativo e no social.	Na intervención educativa "Agrido coa lingua e agrido a túa lingua" utiliza estratexias para a resolución dialogada de posibles desavenencias nas aulas.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Elabora un comentario sobre a obra escollida para lectura autónoma narrativa de carácter trimestral explicando a súa experiencia lectora.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Elabora un comentario sobre a obra escollida para lectura autónoma narrativa de carácter trimestral relacionándoa coa súa experiencia biográfica e cultural.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Elabora un comentario sobre a obra escollida para lectura autónoma narrativa de carácter trimestral dando conta das relacións internas dos seus elementos constitutivos, das relacións externas co seu contexto histórico e do seu posicionamento no xénero, subxénero e etapa literaria.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Explica os efectos na persoa receptora das eleccións lingüísticas inapropiadas en relación á violencia de xénero.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Fenómenos dialectais fónicos, gramaticais e léxicos dos bloques e das áreas lingüísticas do galego. Comparación entre a norma e as variedades dialectais. - Diferenzas entre os trazos dialectais, os sociolectos e os rexistros. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados con temas de interese académico, persoal ou social. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás argumentativas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais de causa, consecuencia, condición e hipótese. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora: aclarar os propósitos, activar o coñecemento de base, atender os contidos principais, avaliar a consistencia interna entre os contidos e os co-

Contidos

- ñecementos previos, formular e avali
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados, respectando sempre a propiedade intelectual, ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e, en menor medida, do lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias e modelos de construción compartida da interpretación das obras, como discusións, conversas literarias, debates e emisión razoada das opinións persoais coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias: achegamento ao contexto, á corrente literaria, ao autor ou autora e establecemento de parentescos literarios.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción, en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e de ruptura.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do univers
- Lecturas de obras que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Elaboración de glosarios, recoñecemento de distintos tipos de dicionarios, potenciación das TIC a través do emprego do dicionario d

UD	Título da UD	Duración
3	Codesido	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Interpreta de maneira completa un texto ensaístico dando conta da súa estrutura, da información máis relevante e da intención da persoa emisora e relacionándoo coa etapa literaria en que foi producido.	PE	60
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valora criticamente un texto ensaístico dos séculos XX e XXI analizando os procedementos lingüísticos empregados.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Identifica os valores de elementos lingüísticos concretos en secuencias sintácticas de subordinación transformando eses enunciados e mantendo eses valores.		
CA1.5 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social, partindo da información seleccionada.	Elabora un traballo de investigación en parellas sobre a manipulación informativa.	TI	40
CA2.2 - Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social, educativo e profesional axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza, en parellas, unha exposición oral argumentada en rexistro formal do seu traballo de investigación con fluidez, coherencia e cohesión e cunha utilización adecuada dos recursos verbais e non verbais.		
CA2.4 - Comprender, valorar e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprende, valora, interpreta e avalía a calidade e fiabilidade de textos dos medios de comunicación.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e reelabora e comunícala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Contrasta a información en diversos medios de comunicación adoptando un punto de vista crítico.		
CA4.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas.	Enriquece o seu traballo con precisión léxica, corrección ortográfica e gramatical e construcións morfosintácticas máis xenuínas na nosa lingua.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e solucionar os problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa o seu traballo de investigación de forma autónoma utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Indagación sobre os dereitos lingüísticos e a súa expresión en leis e declaracións institucionais. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito profesional: o currículo, a carta de motivación e a entrevista de traballo.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. As noticias falsas. Valoración da forma e do contido do texto.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Correlación temporal na subordinación de oracións e no discurso relatado.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
Núñez Singala, Manuel (2017): Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüísmo na infancia e na idade adulta. Vigo. Galaxia.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2016): Historia da literatura galega III. De 1916 a 1936. A xeira das Irmandades. Xerais.
Pena Sánchez, Xosé Ramón (2019): Historia da literatura galega IV. De 1936 a 1975. A "longa noite". Xerais.
Queixas, Mercedes. (2016). De pergamiños, follas voandeiras e libros ao .gal. Breve historia da literatura galega. Vigo. Xerais.
RAG/ILG. (2003): Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego-
Ramallo, Fernándo (coord.). (2021): A lingua en 2050. Editora Catroventos.
Ramallo, Fernándo (coord.). (2023): A lingua en futuro: a mocidade imaxina o 2050. Editora Catroventos.
Regueira, Xosé Luís (2010): Dicionario de pronuncia da lingua galega. A Coruña: Real Academia Galega.
Rodríguez Carnota, Miguel (2022): Lingua, poder e adolescencia. Vigo: Xerais
Rosales Cereijo, Manuel (2002): A linguaxe literaria. Guía de recursos para a análise textual. Vigo: Xerais.
Vilavedra, Dolores (coord.) (1995): Dicionario da Literatura Galega I: Autores. (Vigo: Galaxia).
Vilavedra, Dolores (coord.) (1997): Dicionario da Literatura Galega II: Publicacións periódicas. (Vigo: Galaxia).
Vilavedra, Dolores. (1999): Historia da Literatura Galega. Galaxia.
Vilavedra, Dolores (coord.) (2000): Dicionario da Literatura Galega III: Obras (Vigo: Galaxia).
Vilavedra, Dolores (coord.) (2003): Dicionario da Literatura Galega IV: Termos e Institucións Literarias (Vigo: Galaxia).
VVAA (2009): 55 mentiras sobre a lingua galega. A Coruña. Laiovento.
VVAA. (2009): Gran Dicionario Xerais da lingua. 2 tomos. Vigo: Xerais.
VVAA. (2007): Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos. Vigo: Xerais.
LG3 O soportal da Literatura Galega do Consello da Cultura Galega: http://culturagalega.gal/lg3/
Aulas Galegas: https://aulasgalegas.org/
Aulas Galegas - Materia de Lingua Galega e Literatura: https://aulasgalegas.org/category/linguas/galego/

Dicionario castelán-galego. Rinoceronte Editora: https://rinoceronte.gal/dicionario/
Dicionario da RAG: https://academia.gal/dicionario
Dicionario de Pronuncia da Lingua Galega. USC.: https://ilg.usc.es/pronuncia/
Dicionário Estraviz: https://www.estraviz.org/avanzada.php
Dicionario fluvial (é un dicionario visual dos ríos galegos): https://www.rios-galegos.com/
Dicionario de termos literarios. AS-PG: http://literaturagalega.as-pg.gal/termos-literarios/a.html
Equipos de Dinamización da Lingua Galega no Portal da Lingua Galega. Secretaría Xeral de Política Linguística: https://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega
Glosario de erros léxicos e fraseolóxicos máis comúns en galego. Servizo de Normalización Lingüística da USC: https://www.usc.es/gl/servizos/snl/asesoramento/dubidas/glosario
Historia da Literatura Galega. AS-PG: http://literaturagalega.as-pg.gal/
Portal da Lingua Galega. Secretaría Xeral de Política Lingüística: https://www.lingua.gal/portada
Portal das Palabras. Real Academia Galega e Fundación Barrié: http://www.portalaspalabras.org/
Real Academia Galega: https://academia.gal/inicio
Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), RAG / ILG, Galaxia (http://www.realacademiagalega.org/recursosvolg)
Díaz Núñez, C. & González Iglesias, M. (2023). Lingua Galega e Literatura 4º ESO. Anaya

O Departamento de Lingua Galega e Literatura utilizará o libro de texto de Lingua Galega e Literatura de 4ºESO da editorial Anaya, dando continuidade ao libro de texto utilizado o ano pasado, da mesma editorial (e que será o que se tome como referencia para a recuperación da materia pendente de 3ºESO). Nas aulas e na biblioteca do centro o alumnado ten ao seu alcance moitos dos recursos e materiais que usará ao longo do curso. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. Tendo isto presente, o alumnado poderá facer uso do carné de biblioteca e levar en préstamo os libros de lectura obrigatoria para este curso académico, consultar información para realizar traballos de investigación e ampliación de contidos...

O libro de texto será completado con material moi diverso e en distintos soportes:

- Fichas de traballo e cadernos de traballo.
- Presentacións dixitais preparadas pola profesora/profesor ou polo propio alumnado.
- Fontes bibliográficas diversas, como dicionarios enciclopédicos, coleccións de historia de Galiza e de historia universal, coleccións de arte, atlas xeográficos, libros de divulgación...
- Vídeos na rede.
- Páxinas Web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade.
- Selección de artigos de prensa impresa ou dixital ou de documentos referidos á actualidade.
- Obras literarias axeitadas á idade e madurez intelectual do alumnado.
- Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise.
- Murais temáticos.

Recóllese tamén, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada rolante, muletas etc.). No caso de se precisar outros materiais complementarios adaptados a este tipo de alumnado, serán solicitados á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida da consulta do expediente académico da alumna ou o alumno no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado coñeza o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensino e a súa proposta didáctica ás súas necesidades. A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de orientación, así como a información achegada pola persoa titora do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan. Adoptaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribuír as unidades didácticas, organización da avaliación...

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	16	18	15	18	15	18	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Criterios e cualificacións trimestrais

Para aplicar os criterios de cualificación ao longo de todo o curso, tomaranse como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica para cada un destes instrumentos de avaliación, que se especifican a continuación:

(a) En cada trimestre, o alumnado realizará unha proba escrita como mínimo, o que representará un 60% da cualificación trimestral.

(b) Os traballos e probas elaborados a partir das obras de lectura obrigatoria propostas suporán un 10% da cualificación trimestral. As obras seleccionadas son: A lebre mecánica (Leticia Costas), A ladroa da biblioteca de Meirás (Eva Mejuto) e Ollos de Auga (Domingo Villar). No caso de que haxa alumnado que xa lera algunha delas, buscarase unha alternativa.

(c) A aquelas tarefas e actividades que a docente encomende ao alumnado (e que este terá que entregar na data fixada en cada caso) asígnaselle un 10% da cualificación trimestral. Este apartado resulta de especial importancia, non só por suporen estas tarefas unha expansión e/ou aplicación práctica dos contidos desenvolvidos na aula, senón por constituíren un indicador de grande utilidade para a docente no seguimento regular do traballo e evolución do alumnado.

(d) En cada trimestre, o alumnado deberá realizar unha exposición oral. Esta proba xunto coa participación activa no desenvolvemento das sesións e o uso da lingua galega nas interaccións suporá un 10% da cualificación trimestral.

(e) O 10% restante provirá do resultado dunha produción escrita realizada na aula.

Cualificación trimestral

A nota de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abranguidas nel, aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas. Non haberá exames de recuperación trimestral.

Para superar a materia, o alumnado deberá ter unha media aritmética de cualificación de 5 puntos ou superior (tendo en conta o procedemento de avaliación e, no seu caso, de recuperación que se indica no apartado 5.2 desta programación).

No caso de que a valoración reflecta un número enteiro con decimais, por defecto aplicaranse os seguintes criterios:

- se o decimal está entre 0 e 49, o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais;
- se o decimal está entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

Cualificación ordinaria

Para o cálculo da cualificación ordinaria do curso, farase a media aritmética das notas medias dos tres trimestres. Para o cálculo da nota media ao final das tres avaliacións ordinarias precisarase que a alumna ou o alumno teña superadas as tres avaliacións ordinarias; de non ser así, terá que ser avaliada ou avaliado na avaliación final da materia.

Cualificación final

Realizaranse tres avaliacións ordinarias e, entre os últimos 15 días de curso, unha avaliación final, esta última para o alumnado que non consiga superar a materia no período ordinario. O alumnado para superar a materia deberá ter unha cualificación mínima de 5 puntos na proba final.

Empregar métodos fraudulentos na realización das probas e/ou permitir que outros copien o seu traballo, implicará a obtención automática dun cero na proba correspondente.

O alumnado non poderá facer uso de ningún tipo de aparello electrónico durante as probas. Ser sorprendido facendo uso do teléfono móbil ou calquera outro aparello electrónico implicará a obtención automática dun cero na proba correspondente. O profesorado resérvase o dereito de recoller todos os dispositivos electrónicos (móviles, reloxs, etc.) ao inicio da proba, para serlles devoltos ao finalizar a mesma. Do mesmo xeito, ante sospeita de estar a empregar algún tipo de auricular, poderá solicitárselle ao alumnado que recolla o cabelo para poder comprobar que non o están a utilizar.

Criterios de recuperación:

Realizarase unha proba escrita de recuperación da materia nos últimos 15 días de curso. Na proba entrarán todos os contidos das avaliacións puntuada con 10 puntos. Considérase recuperada a materia cunha nota igual ou superior a cinco nesta proba. A nota da proba será a cualificación final.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 71 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención deste, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada

caso.

Débase ter en conta o establecido no artigo 41 da citada Orde que, de conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, define as medidas de atención á diversidade como as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.

Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais do dito plan.

Nas medidas ordinarias, por exemplo, teranse en conta os reforzos educativos (RE) e nas extraordinarias as adaptacións curriculares (ACS)

No caso dos RE, se for necesaria a súa aplicación, elaborárase un informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativo onde consten os datos do alumno ou alumna e os datos do reforzo educativo en que se inclúa a data de comezo e de remate e a descrición das medidas desenvolvidas (o motivo, descrición das medidas, temporalización, axuda do profesorado, corrección, e valoración final e coa previsión para o seguinte curso se ten que continuar ou non o RE).

No caso da existencia na aula de alumnado con TDAH, as medidas concretas que se aplicarían terán en conta o seguinte:

Aplicación do Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario. Entre as pautas e as estratexias que deben estar presentes no contorno da aula aplicaranse as seguintes actuacións:

- A/O alumna/o con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes.
- Sentarase cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda.
- Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a súa proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como a estímulos sonoros ou visuais.

Poranse en marcha outras medidas como:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicárase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu.
- Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Propor exercicios variados.
- Conseguir a colaboración dunha compañeira ou dun compañeiro para que a/o axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar (eloxios privados e públicos, colocar os seus traballos no taboleiro da clase, levar os traballos á casa cunha felicitación, utilizar un sistema de puntos ou economía de fichas etc.)

En canto ás tarefas ou deberes que se lle proporán terase presente o seguinte:

- Reducir e fragmentar as actividades.
- Supervisar os exercicios e asegurarse de que entendeu o que ten que facer.
- Utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa, cómpre que o profesorado do curso se coordine e seleccione aquelas que se consideren máis importantes.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

- Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
- Traballar con mostras de formato de exames. Serve de gran axuda para todas e todos poder adestrarse con exercicios e formatos tipo do que van atopar no día sinalado.
- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. En ningún caso se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente ou utilizando o computador).
- Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos, inclusive dividilos en dúas sesións, e ser flexibles na súa duración.
- Presentar escrito o texto dos exames, salientando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na media do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
- Posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que se revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- Supervisar que a/o alumna/o respondeu a todas as cuestións antes de entregar o exame.

No caso da existencia na aula de alumnado que teña que recibir unha adaptación curricular significativa, as medidas concretas que se desenvolvan realizaranse, na medida do posible, no contexto da aula ordinaria da alumna ou do alumno, coordinado polo profesorado titor, quen convocará as reunións de seguimento que se consideren necesarias ou, cando menos, as que figuren no expediente da adaptación curricular. Seguirase, en todo caso, as indicacións recollidas na normativa de atención á diversidade publicada en Galicia.

No caso de que ao longo do curso se matriculase algunha alumna ou algún alumno con algunha destas problemáticas: dislexia, discapacidade auditiva, TEA, altas capacidades, Down ou discapacidade intelectual, TDAH, absentismo, atención temperá, seguiranse os protocolos establecidos pola Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - A educación emocional				X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual		X		X		X
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A creatividade		X		X		X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial		X				
ET.8 - O espírito científico			X			
ET.9 - O espírito crítico			X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde				X	X	
ET.12 - A educación afectivo-sexual				X	X	
ET.13 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X
ET.17 - A formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático			X	X		
ET.19 - Educación para a sustentabilidade			X	X		
ET.20 - A educación para o consumo responsable			X	X		
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X	X	X
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X	X
ET.23 - Respetto mutuo	X	X	X	X	X	X
ET.24 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais que se recollen neste curso para esta materia son aqueles que o proceso de ensino e aprendizaxe de todas as materias debe incluír (elementos transversais 1 a 10) pero tamén doutros que deben ser incluídos ao longo da etapa (elementos transversais 11 a 24). A este respecto, a materia de Lingua Galega e Literatura pretende e permite dar cabida a todos estes elementos debido ao carácter da mesma e ao enfoque que se lle pretende dar.

Ao longo do curso haberá momentos nos que se traballen de forma específica e teranse en conta, por exemplo, á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará (sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais); tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan etc. Non obstante, haberá elementos transversais que teñan presenza ao longo de todo o curso como a cooperación, o respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos... e sempre que sexa preciso traballar puntualmente neles así se fará.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Agrido coa lingua e agrido a túa lingua	Intervención didáctica na semana do 25N.	X		
Creamos!	Exposición de caligramas creados polo alumnado.	X		
Música, fotografía, cine e poesía	Vinculación entre as distintas artes.		X	
Veño de aquí	Intervención poética na nosa vila.		X	
Letras galegas	Actividade arredor da figura de Begoña Caamaño			X
Paseo dos sonhos	Roteiro literario polo río Magdalena			X

Observacións:

Ao longo do curso este departamento didáctico colaborará asiduamente coas actividades desenvolvidas pola biblioteca do centro e polo equipo de Dinamización Lingüística.

Ademais disto, procuraranse algunhas actividades de carácter interdepartamental. Sendo a literatura unha manifestación artística produto dun contexto determinado, establecerase contacto con outros departamentos, como o de Música, EPV e Historia para tratar de organizar unha actividade que os implique.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.

Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analízalas e comentalas na clase.
Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
Metodoloxía empregada
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo estratexias de mellora.
Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.
Outros
Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación debe permitir detectar necesidades e buscar o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento. Resulta fundamental que o profesorado posúa ferramentas e empregue procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente. Esta valoración efectúase, tal e como indica a normativa vixente, a través duns indicadores de logro: "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes".

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao trimestre. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de departamento e, ao final de curso, na memoria final do Departamento de Lingua Galega e Literatura.

En todo caso, non se debe perder de vista que a avaliación da práctica docente debe favorecer a análise, a reflexión e o debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

A programación didáctica da materia de Lingua Galega e Literatura estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación Proens o que permitirá realizar os necesarios axustes no proceso de ensino e aprendizaxe para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado de cara á consecución dos obxectivos establecidos. Todo isto, debidamente xustificado, figurará tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia e axudará na proposta de programación didáctica que se concrete para o seguinte curso.

Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da programación didáctica, débense considerar os seguintes apartados:

- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
- O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
- Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
- Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
- En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.

- Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
- Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
- Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
- Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
- Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia programación didáctica.
- Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP). Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.

Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da programación didáctica, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.

1. Consegue acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das unidades didácticas propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: Plan lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da programación didáctica por parte do departamento.
11. Avaliouse o cumprimento da programación didáctica.
12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da programación didáctica.
13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na programación didáctica do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da programación didáctica a través da aplicación Proens.

9. Outros apartados